



FUZZO

Integran este proxecto tres destacados músicos da escena jazzística galega: Virxilio da Silva na guitarra, Xan Campos nos teclados e Chus Pazos na batería. Autodefínense como unha banda experimental de improvisación libre acumulativa.

Os inicios do grupo remóntanse ao verán de 2015. Dende entón veñen practicando o seu particular estilo, no que se poden apreciar influencias que van desde o rock psicodélico, o blues, o krautrock, o prog e o free jazz; até o noise, a música electrónica ou o afro beat. Sempre coa improvisación como canle fundamental de expresión, teñen como fin último facer partícipe ao público da súa sorte de viaxe cósmica ateigada de abraio e liberdade.


En decembro de 2019 lanzan o seu primeiro traballo discográfico *The Ghalpón Sessions* (Xorelo Records), gravado e mesturado por Hevi (Malandrómeda) no Laboratorio Soyuz, Trazo, Galiza.

Entre 2017 e 2018 colaboran co ilustrador e viñetista Luis Davila (O Bichero) e o tamén ilustrador e escultor suízo Marc Taeger. Presentan xuntos un espectáculo onde se mesturan visuais e música ao vivo. Destaca desta colaboración a participación no FIC Bueu 2018.

A partir do ano 2018 comezan a traballar de forma recorrente co Cine Clube Ádega (Vilagarcía de Arousa) para musicalizar ao vivo diferentes filmes do cine mudo dentro da programación da Semana de Cine. O grupo encontrase especialmente inspirado nesta nova faceta do seu traballo, na que convidan ao espectador a revisitar grandes obras do cine clásico dunha maneira nova, empapados da estética e imaxinario sonoro do grupo. Teñen presentado até a data os seus traballos con filmes como *Nosferatu* (Murnau, 1922), *Un Chien Andalou* (Buñuel, 1929), *Ménilmontant* (Dimitri Kirsanoff, 1926) ou *The Unknown* (Tod Browning, 1927), cunha moi boa acollida por parte de público e crítica:

"Un espectáculo dos bos, dos excelentes, dos que deixan pouso e non se esquecen" *La Voz de Galicia*.






Virxilio da Silva

Iniciou os seus estudos de Jazz en 2001 no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra. Licenciado en Jazz pola ESMAE (Porto, Portugal) en 2010, posúe ademais o título de Máster polo Conservatorium van Amsterdam (Holanda), participando no programa EUJAM (European Jazz Master), con intercambios no Conservatoire National Supérieur de Musique et de Danse de Paris (Francia) e no Rhythmic Music Conservatory (Copenague, Dinamarca).

Gravou o seu primeiro álbum *106 Underground St.* en 2005, coliderando o S.O.S. Trío. No 2009 lanzou o seu primeiro traballo como líder, *Odyseia*. Dende entón acumula na súa discografía máis de 40 referencias a contar discos propios e colaboracións para outros artistas. Lidera a banda de jazz-rock JUZZ, en activo desde 2018. Tamén colidera outros proxectos entre os que destacan Fuzzo, Loiros, Steel Sheep e The Manueles.

Virxilio conta cunha dilatada traxectoria como músico a nivel nacional e internacional. Ten participado en xiras por todo o mundo (EEUU, China, Xapón, India, Nepal, Suramérica, Europa...) formando parte dos máis diversos proxectos. Nos seus anos de experiencia ten tocado e gravado con músicos de renome internacional como Walter Smith III, Jonathan Blake, Marcus Gilmore, Ambrose Akinmusire, Myron Walden, Casey Benjamin, Greg Osby, Román Filiú ou Darren Barrett, entre moitos outros.

Conta con diversos recoñecementos como o Premio Concerto Autor SGAE con S.O.S. Trío (2005), o 1º Premio de Grupos das Escolas de Jazz de Portugal (Lisboa, 2008), o 2º Prémio do Concurso Internacional de Grupos de Jazz no XXXII Festival de Jazz de Getxo con Gdjazz Quartet (2010), o Prémio ao melhor solista no Keep an Eye International Jazz Award 2015 do Conservatorium van Amsterdam (Holanda), ou dous Premios Martín Códax da Música (2014 e 2016).




Xan Campos

Xan Campos (Cangas, 1987), formado como pianista clásico desde os 6 anos, iníciase no jazz no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra. Posteriormente realiza estudos superiores no Musikene do País Vasco e cursa o European Jazz Master, que o leva a algúns dos máis prestixiosos conservatorios europeos como son o Jazz Institut Berlin, o Conservatorium van Amsterdam e o Rhythmic Music Conservatory de Copenhague.

Neste momento é un dos pianistas máis activos da Península Ibérica, tanto á fronte dos seus proxectos como no papel de sideman de destacados artistas da escena do jazz de España e Portugal, cos que actuou en multitude de salas e festivais de Europa, América Latina e Estados Unidos. Entre os seus proxectos persoais destaca Xan Campos Trio, con máis de 15 anos de percorrido e que foi recoñecido pola crítica e o público pola súa orixinalidade e por conseguir sentar as bases dun estilo propio máis alá do jazz.

Mediada a trintena de idade, conta cunha extensa traxectoria, con 5 discos ao seu nome e preto de 30 con outros proxectos. Entre as súas colaboracións destacan grandes figuras como Ambrose Akinmusire, Darren Barret, Philip Dizack, Walter Smith III, Logan Richardson, Marcus Strickland, Mayron Walden, Dayna Stephens, John O’Gallagher, Perico Sambeat, Joris Roelofs, Lage Lund, Guillermo Klein, Matt Brewer, Marcus Gilmore, Johnathan Blake ou Jeff Williams.

Foi gañador dos Premios Martín Códax da Música 2016 na categoría de Jazz con *Brisa* de Iago Fernández e resultou finalista noutras 6 ocasións. Gañou o Premio Mestre Mateo 2010 á Mellor Longametraxe Documental con “Jazz en Liberdade”, na que participou como coprotagonista e na composición da Banda Sonora Orixinal. Tamén gañou o Primeiro Premio do Festival Internacional de Jazz Fuenjazz 2007 coa banda Mr. Chacho.



Chus Pazos

Chus Pazos é un baterista de jazz habitual da escena jazzística galega desta última década. Na actualidade traballa con distintas formacións como The Manueles, The Swinging Flamings, La Frasquita Vintage, A.O.F. Group, Chus Pazos Ensemble, Pablo Sanmamed ou Boreas.

Participa recentemente en tres publicacións discográficas: A.O.F. (2022), *Weird Tales*, Pablo Sanmamed (2020), *Ben Vennas Maio*, Fuzzo (2019), *The Ghalpon Sessions* e The Manueles (2020), *The Manueles*.

Obtén o Título Superior de Música en Interpretación Jazz no ano 2012 no Musikene do País Vasco. Posúe 1000 horas acreditadas de participación en workshops e masterclasses con músicos como Branford Marsalis, Marcus Gilmore, Jonathan Blake, Water Smith III, Henry Cole, Marcus Strickland, Ralf Alessi, Jason Brown, Miguel Zenon, Luis Perdomo, Logan Richardson, Andrew D'Angelo, Ben Street, Mark Ferver ou Ambrose Akinmusire, entre moitos outros.

Durante a súa carreira son de destacar as súas colaboracións con músicos como Yago Vázquez, Virxilio da Silva, Deborah Carter, Ryoichy Zacota, Gianni Gagliardi, Pablo Menares, Greg Glassman, Marcos Varela, Jerry González, Paco Charlín, Antonio Lizana, Bobby Martinez, Wilfried Wilde, Roberto Nieva, Maikel Vistel, Dan Rochlis, Toni Belenguer ou Norman Hogue entre outros.

Conta con numerosos recoñecementos ao longo da súa traxectoria: 1º Premio Impulse BBk Jazzaldia 2012 coa banda Lakuntza Brothers Sexteto; 2º Premio Xuventude Crea 2013, certame cultural e artístico organizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, co Grupo Dani Font Quinteto; 3º Premio da XXXV edición do Concurso de Grupos do Festival Internacional de Jazz de Getxo 2011 co grupo Ornetillos; 3º Premio no concurso de Grupos do Festival de Jazz Ciudad de Talavera de la Reina 2013 (Madrid) co grupo KB Connection.



Musicalizando *The Unknown* (1927) na Semana de Cine de Vilagarcía de Arousa, Agosto de 2022



Colaboración con Luis Davila na sala Aturuxo, Bueu, Xullo de 2017





Concerto no Festival Feito a Man 2022, Santiago de Compostela

Enlaces:

-  Bandcamp
-  Fuzzo - Electronvoltio
-  Fuzzo - Nosferatu
-  Fuzzo & Luis Davila - O Demo

Contacto:

-  fuzzotrio@gmail.com
-  628.034.203 (Chus)
- 666.738.639 (Virxilio)
- 620.178.961 (Xan)